

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ (1934-1990)

Negareime

Pra que vou cantar do burgués
larpeiradas, enchetas e frores?
Como pode empolar o meu peito
unha cántiga ollando mil dores?
Mariñeiro que engulen os mares,
silicosos mineiros que morren,
picariños que están sen escolas,
sen futuro, sen xeito e sen norte...
Con que liras pregades que cante
cando todas están desacordes?
Ergo os ollos e vexo manobras
a xantar, sen compango e sen postres,
enzoufados no chao pra seguir
traballando sen folgo astra a noite.
Ás mañas o arrabal formiguea
—entramentras o rico inda dorme—.

No taller un cronómetro fai,
asañoso, teimudos controles.
Tal becerros na feira do quince,
en camiós e autobuses os homes
sán das fábricas méntra-los xefes
ruben, fonchos, nos rápidos coches.
—Hai escravos que sirven ós ricos
dende a ialba fozando hastra a noite—.
Como pode empolar o meu peito
unha cántiga ollando mil dores,
Que tristura o vivir dos obreiros...!
Que de aldraxes esmagan ós probes...!
Negareime a cantar e rezar
mentras haxa quen xure e quen chore!



Onde atopar a poesía?

I
Na fror? Nos sentimentos? Na paisaxe?
No amor quizais? No corazón talvez?
No lumbrigar do día? No solpor?
A inspirada palabra do poeta
fai milagres. Il pode, sen esforzo, doadamente,
escolmar a bondade,
ollar a fermosura
sentir no máis profundo
o latexar da alma.
O poeta é capaz de enfeitar
no seu laboratorio espiritual
a podremia da flor,
a ruindá dun corazón...
O poeta, no crisol das súas químicas,
sempre adiviña a poesía.
Pero, onde se alcontra
a cheas, rebordante e pura?

II
Nos brazos dunha mai,
o meniño riseiro
é poesía.
Nos parques e xardís,
cheos de barullos e gralear de nenos,
existe a poesía.
No fogar e na escola,
nos camiños e rúas,
onde se alcontra un neno,
sentiredes o celme da poesía.
Cando iles bican
e mesmo cando choran,
seus sentimentos son tan verdadeiros
que deitan poesía.
Sen picariños,
do amor as fontes cegarían
e a poesía morrería.

http://manuelrodriguezlopez.org/sites/manuelrodriguezlopez.org/files/users/adm/pdfs/mrl_antoloxia_poetica.pdf